O 24 de outubro de 2025 o Concello de Agolada rexistrou a resolución de concesión dunha axuda por importe de 118.613,31 euros para a actuación.

MELLORAS E ACTUACIONS PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA

NO CENTRO DE SAUDE DE AGOLADA

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (na actualidade, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) estableceu as bases reguladoras e convocou as subvencións que se recollen na ORDE do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual (2025-2026) e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europeano marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D)

De acordo co disposto na orde de convocatoria, a directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Orde do 16.01.2024, DOG núm. 13, do 18 de xaneiro, e artigo 3.5 da Orde do 12.06.2024, DOG núm. 117, do 18 de xuño), resolveu concederlle unha subvención ao Concello de Agolada para o proxecto denominado Melloras e actuacions paraa eficiencia enerxética no centro de saude de Agolada, por importe de 118.613,31 €

Ao longo do 2025 e 2026 se foron levando a cabo as actuacions programas no proxecto presentado e que atenden a seguinte descripción nas que as propostas de actuación aparecen da necesidade de dotar ó edificio do Centro de Saúde dunhas mellores condicións de confort e uso, tanto para os traballadores como para os cidadás, polo que se procede á aplicación de criterios de sustentabilidade asociados ás obras de construción e rehabilitación que se describen, integrando fontes de enerxía renovable co fin de contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e a redución do consumo global de enerxía primaria non renovable. Estas accións favorecen á concienciación en materia enerxética e redundan ademais no obxectivo de alcanzar unha transición enerxética limpa e equitativa, así como a mitigación e adaptación ó cambio climático.

As obras de mellora enerxética propostas céntranse en tres categorías:

- Obras de mellora da envolvente térmica do edificio (pechamentos opacos, teitos, solos e ocos de carpinterías).

- Obras de mellora dos sistemas de calefacción.

- Obras de mellora dos sistemas de iluminación eficiente no interior do edificio.

